



## PROCESO DE ADMISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO 2024-2025

### Información ao alumnado e ás familias

- a) Normativa reguladora do procedemento.
  - [Decreto 13/2022, do 3 de febreiro](#), polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
  - [Orde do 21 de outubro de 2022](#) pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).
  - [Orde do 26 de maio de 2023](#) pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa e derroga o artigo 44 da Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).
- b) Oferta de postos.

<b>CURSO</b>	<b>Prazas Apoio Educativo</b>	<b>PRAZAS</b>
<b>4º EI (3anos)</b>	<b>9</b>	<b>40</b>
<b>5º EI (4 anos)</b>		<b>0</b>
<b>6º EI (5 anos)</b>		<b>0</b>
<b>1º EP</b>	<b>6</b>	<b>0</b>
<b>2º EP</b>		<b>0</b>
<b>3º EP</b>		<b>0</b>
<b>4º EP</b>		<b>0</b>
<b>5º EP</b>		<b>9</b>
<b>6º EP</b>		<b>0</b>

- c) Prazos:
  - **Prazo de presentación de solicitudes.**
    - 01/03/2024 ata 20/03/2024 (inclusive)
  - **Prazo de xustificativa dos criterios no caso de ter máis solicitudes que prazas ofertadas**
    - O citado centro docente abrirá un prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao do remate do prazo para presentar as solicitudes, para que as persoas interesadas presenten de forma presencial na documentación xustificativa dos criterios de baremo alegados, para realizar á súa valoración e establecer unha orde de prelación.



- ***Publicación da listaxe provisional de admitidos e excluídos.***
  - *Antes do 25/04/2024*
- ***Prazo presentación de reclamación a listaxe provisional de admitidos e excluídos.***
  - *26/04/2024 ata 02/05/2024.*
- ***Publicación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos.***
  - *15/05/2024*
- ***Formalización da matrícula.***
  - *20/06/2024 ata 1/07/2024*



#### NOTAS:


- 1º. Todo o alumnado incluído no ámbito desta orde poderá presentar solicitude de admisión, **pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren.** Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado *en primeiro lugar*.
- 3º. *En todo caso, a solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante.* A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.
- A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo **sen renunciar expresamente á anterior** poderá ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8.

#### SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.

- *Madrugadores e servizo de comedor* : Xestionado polo concello.
- *Bus Escolar*: A solicitude realizarase no proceso de matriculación.
- *Actividades extraescolares*: Xestionado pola ANPA ATHENA.

#### AREA DE INFLUENCIA DO CENTRO.

- *Pódese consultar a través do enlace:*
  - <https://www.edu.xunta.gal/centroseducativos/CargarDetalleCentro.do?codigo=15016012>
- **Mapa**





## **INFORMACIÓN PARA CUBRIR A FOLLA 3 DA SOLICITUDE DE ADMISIÓN APARTADOS:**

a) **MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR.** (incluír os non identificado nos cadros anteriores).

(1) **No caso de separación ou divorcio con custodia exclusiva, inclúese ao NOVO CÓNXUXE ou análogo da persoa proxenitora solicitante.**

(2) **Incluír:**

- **menores de 18 anos non emancipados/as**
- **maiores de 18 anos con discapacidade que estean incapacitados/as xudicialmente suxeitos/as á patria potestade prorrogada ou rehabilitada**
- **solteiros/as menores de 25 anos se conviven no domicilio familiar.**

b) **CRITERIOS DE ADMISIÓN (QUE ALEGA)** Marcar o que proceda. (Soamente se entregará documentación xustificativa de existir máis solicitudes que prazas)

**1.- Irmán ou irmá matriculado no centro ou nun centro público adscrito (IES Eduardo Pondal):**

- **Documentación a achegar.**
  - *Certificado de matrícula, proporcionado polo centro. (Automaticamente xestionado polo centro)*

**2.- Proximidade ao centro docente do domicilio familiar ou do lugar de traballo.**

- **Documentación a achegar.**
  - **Domicilio familiar**
    - Certificado de convivencia dos membros computables da unidade familiar, que deberá indicar a data de alta e estar expedido no ano anterior ao inicio do prazo de presentación de solicitudes. Se a residencia no domicilio for inferior a 1 ano, deberá, achegar ademais escritura de compra, contrato de alugamento ou título que lexítima a ocupación da vivenda, así como recibos acreditativos do pagamento de subministracións (auga, luz...).
  - **Lugar de traballo.**
    - **Lugar de traballo.** Persoa traballadora por **conta allea**: contrato de traballo en que conste o enderezo do centro de traballo e informe de vida laboral obtido no ano natural do procedemento de admisión.
    - f) **Lugar de traballo.** Persoa traballadora por **conta propia**: certificado de alta no censo de actividades económicas da AEAT en que conste o enderezo do centro de traballo ou licenza de apertura ou actividade do concello, se non está obrigado a estar de alta no dito censo.
    - g) **Lugar de traballo. Persoal ao servizo das administracións públicas**: certificado da unidade de persoal en que conste o enderezo do centro de traballo.

**3.- Renda per cápita da unidade familiar (cando sexa igual o inferior ao IPREM).**

- *Para os efectos desta orde, a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal anterior en 2 anos ao ano natural (Exercicio 2022) de presentación da solicitude entre o número de membros computables.*
  - *Comprobación automática. Se non se opoñen a consulta. Senón Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou certificado tributario de imputacións do exercicio fiscal anterior en 2 anos ao ano natural (exercicio 2022) de presentación da solicitude.*

**4.- Persoa proxenitora/titora/acolledora traballadora do centro.**

- *Correspóndelle ao centro comprobar este criterio e incorporar a xustificación ao expediente.*

**5.- Familia numerosa.**

- *Título de familia numerosa.*

**6.- Alumnado nacido de parto múltiple**

- *Libro de familia ou certificación de parto múltiple.*



#### **7.- Familia monoparental.**

- Documentación xustificativa da condición de familia monoparental.

#### **8.- Discapacidade.**

- Certificado de discapacidade da persoa solicitante ou membro computable da familia expedido pola Administración autonómica.

#### **9.- Condición de vítima de violencia de xénero.**

- Documentación xustificativa da condición de vítima de violencia de xénero de acordo co artigo 5 da Lei 11/2007, do 7 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

#### **10.- Condición de vítima de terrorismo.**

- Certificado de vítima de terrorismo de acordo coa Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo.

#### **11.- Criterio complementario establecido polo centro.**

- Sumarán un punto máis aquelas solicitudes que obteñan a máxima puntuación (8 Pto) no criterio de domicilio familiar dentro da área de influencia do centro.